

---

## Resolución Reitoral, do 17 de febreiro de 2021, para a adecuación da actividade docente na Universidade de Vigo ás novas restricións adoptadas pola Xunta de Galicia o 15 de febreiro do 2021 por razón da pandemia causada pola COVID-19

Á vista do Decreto 26/2021, do 15 de febreiro, da Presidencia da Xunta de Galicia, polo que se modifica o Decreto 8/2021, do 26 de xaneiro, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2 (DOG nº 30 bis, do 15 de febrero),

Á vista da Orde 8/2021, do 26 de xaneiro, da Consellería de Sanidade, polo que se adoptan medidas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria, na condición de autoridade competente delegada no marco do disposto polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, publicada no DOG do 26 de xaneiro do 2021 (nº 16-bis), polo que a asistencia a centros universitarios queda excluída das limitacións de entrada e a saída de persoas do ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia considerados individualmente, así como as actividades nos mesmos exclúense asemade das limitacións á permanencia de grupos de persoas en espazos de uso público, tanto pechados como ao aire libre (DOG nº 30 bis, do 15 de febrero),

Á vista da Resolución Reitoral, do 27 de xaneiro de 2021, para a adecuación da actividade docente na Universidade de Vigo ás novas restricións adoptadas pola Xunta de Galicia o 26 de xaneiro do 2021 por razón da pandemia causada pola COVID-19, ditada en substitución da anterior sobre este asunto coa mesma data, modificada pola Resolución Reitoral do 3 de febrero do 2021

Esta Reitoría

### RESOLVE

**Primeiro:** extender a eficacia da dita RR do 27 de xaneiro do 2021, nas súas condicións e términos aínda aplicables e que non se opoñan ao disposto na presente, ata as 00:00 h. do día 1 de marzo vindeiro, no que se restablecerá a actividade docente presencial, perdendo entón eficacia as medidas anteriores que aínda persistan.

**Segundo:** non obstante o indicado no punto anterior, permitir o acceso ás instalacións deportivas universitarias ao aire libre para a práctica deportiva de xeito individual e con utilización de máscara; podendo acceder aos pavillóns deportivos universitarios soamente o persoal adscrito ao servizo de deportes, agás no previsto para actividades deportivas federadas a nivel nacional e autonómico consonte o disposto no apartado 3.15 da Orde do 26 de xaneiro do 2021 modificada pola Orde do 15 de febreiro do 2021

**Terceiro:** permitir acceder aos membros da comunidade universitaria de xeito presencial ás dependencias das Bibliotecas da Universidade de Vigo co límite do 30% do aforo máximo permitido.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.*

*As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

O Reitor